

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: SUBMINISTRACIÓN DE SOFTWARE E LICENZAS RELACIONADAS COS SISTEMAS INFORMATICOS (EXP.STI-PA-1/2016)

Valor estimado de licitación do contrato:131.572,23 €

Duración: Ata 30/04/2017, non prorrogable

Datos do expediente:

- Procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada
- Tramitación ordinaria
- Un só criterio de adxudicación (prezo)

Análise da proposta

A proposta de adxudicación formulada polo Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior, detalla o iter procedimental resultando:

- Que se lle deu a publicidade preceptiva aos pregos, convocatoria, mesas.
- Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as mesas de contratación
- Presentouse un único licitador: SEIDOR S.A.
- Que unha vez ponderado o criterio que debía aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, e visto que o único licitador cumpría os requisitos esixidos e a súa proposición axustase aos pregos, requiriuse pola mesa de contratación ao único licitador para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- A oferta económica do licitador, unha vez sumados os importes dos prezos por cada un dos produtos ascende a 128.892€ de valor estimado, e con iva a un total de 155.959,32€.
- Que o licitador requirido presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado ofertado (6.444,60€) así como abonou os anuncios de licitación.

O Director de RRHH e Rexime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

O Xefe de Servizo de Persoal e Réxime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

Examinada a proposta de adxudicación á Mesa do Parlamento a favor de SEIDOR S.A., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarase nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberáse comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 (Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 01 de agosto de 2016

A interventora